

A mocidade activa
Dakidarría

A5 E5 F#5 D5

Rebelde, unida, alegre, a mocidade activa!!

D5 / E5 / A5

F#5 D5 A5 E5
Chegou o día no que nos tocou falar, míranos, queremos ser a alternativa.
Son voces novas que non poden silenciar, sairán das nosas gorxas.
Co vento en contra como é habitual, pelexar, reivindicar o noso espazo.
De cada golpe poderemos aprender e voltar sempre ó camiño,
E5 E5 E5
e berrar forte que estamos vivos, que estamos vivas!!!

A5 E5 F#5 D5

Rebelde, unida, alegre, a mocidade activa!!

Foi longo o tempo de durmr e non soñar, ó espertar, comeza aquí a nosa revolta.
Escribiremos nas paredes outra vez, pode ser que alguén o lea.
Todo é posible se o podes imaxinar, agora si, por fin chegou a nosa quenda,
mozos e mozas convencidas de portar, desta vez, a flama que
lles meta medo e que demostre que imos en serio.

F#5 D5 A5 E5
Non será sinxelo gañala partida, ninguén o dixo,
mais non temos medo a erguernos un día cos puños pechados.
Que ninguén nos diga como é a maneira
de plantarlle lume para colle-las rendas,
é o noso camiño e nos decidimos
a forma de ataque a este sistema.

A5 E5 F#5 D5

Rebelde, unida, alegre, a mocidade activa!!